

BASES SORTEO

“DESCOBRE AS CARAMIÑAS DA POBRA E COMPARTE O TEU NADAL”

O Concello da Pobra do Caramiñal, impulsa o sorteo fotográfico Descubre as Caramiñas da Pobra e comparte o teu Nadal en redes sociais, co fin de ofrecer vales para que o público consuma nos comercios e demais negocios do municipio, con arranxo ás seguintes bases:

OBXECTIVOS

Acercar a cidadanía ás rúas do Concello da Pobra do Caramiñal, tanto veciñanza do propio municipio como persoas foráneas, a través da posta de “recunchos do Nadal” en distintos puntos da vila para que o público saque fotos nestes e as comparta en Instagram, optando así a gañar vales regalo – “Caramiñas” por valor de 200€, solo aptos a consumir nos comercios e demais negocios adheridos á campaña, dando tamén visibilidade ás empresas locais e facéndoas partícipes do proxecto.

CARÁCTER DA PROMOCIÓN E PERSOAS LEXITIMADAS

Poderá participar no sorteo calquera persoa física maior de 14 anos que posúa unha conta propia en Instagram e que durante o período de validez do dito sorteo participe segundo se indica nos termos descritos nestas bases.

DURACIÓN DO SORTEO

O sorteo estará en vigor durante os días comprendidos entre o día 01 de decembro de e o 31 de decembro de 2025, ámbolos dous incluídos. As fotografías deberán ser tomadas nese período de tempo.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As persoas participantes só necesitan ter unha conta propia de Instagram. Ademais, para que a participación poida ser validada, deberá ter perfil público, ou, de non ser o caso, deberá enviar unha captura de pantalla por mensaxe directa. Para participar e tratar de conseguir algún premio débese de cumprir os requisitos anteriormente indicados e os seguintes:

- Facer unha fotografía en calquera dos recunchos existentes, podendo ser máis de 1 e compartila nas stories da conta persoal da que se dispoña na rede social de Instagram. Poden publicarse tantas fotografías como se desexe, pero non poden ser repetidas e unicamente se contabilizará unha publicación ao día a efectos do sorteo.
- Mencionar a conta do sorteo do Concello da Pobra “@caraminhasnapobra” na story subida no recuncho de Nadal.

Haberá un sorteo por día, empezando o luns día 1 de decembro. Cada xoves daranse a coñecer as persoas gañadoras que participaron dende a semana anterior.

As persoas gañadoras poderán recoller os premios cada sábado no Fogar do Nadal (oficina de turismo do Concello da Pobra) de 11:00 h da mañá a 13:00 h da tarde.

As persoas que xa resultaron gañadoras e queren volver a participar, poderán facelo sempre que compartan unha foto nova, no caso de usar a mesma coa que resultaron gañadores quedarán descartados.

Aquelas persoas que non realicen todos os pasos obrigatorios ou o fagan de forma errónea, a criterio da Organización, non poderán optar ó premio no presente concurso. Só aceptarán imaxes compartidas desde Instagram stories mencionando a conta do sorteo do Concello da Pobra “@caraminhasnapobra”.

As persoas gañadoras serán seleccionadas de forma totalmente aleatoria mediante unha aplicación a cal levará o reconto dos participantes e validará si cumpren os requisitos presentes nestas bases para participar. A dita aplicación tamén aportará un certificado de validez por cada sorteo realizado.

PREMIO

Cada día do sorteo, unha persoa resultará gañadora de 200 € que se entregarán en Caramiñas. O importe total dos sorteos diarios será de 6200 €.

Se unha persoa que resultou gañadora, quere volver participar, deberá facelo cunha foto distinta, xa que si usa a mesma coa que gañou, esa nova participación quedará anulada.

A organización dará a coñecer o nome das persoas gañadoras, os premios e as fotografías premiadas destes, a través das redes sociais do sorteo do Concello da Pobra “@caraminhasnapobra”, etiquetando á persoa gañadora no texto da publicación realizada do sorteo e enviándolle unha mensaxe directa a través das redes sociais solicitando nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto, onde ademais se lle dará as indicacións para a recollida dos premios.

No caso de que algunha das persoas gañadoras sexa menor de idade, esta deberá vir acompañada de un responsable legal á recollida do premio.

Os premios entregados non serán susceptibles de cambio, alteración ou compensación a petición da(s) persoa(s) premiada(s). Os premios non serán trocados en metálico. Os premios serán persoais e intrasferibles, é dicir, no caso de que por calquera circunstancia a persoa premiada non puidese ou quixese aceptar o premio ou renunciar ó mesmo, a organización non estará na obriga de entregar o premio a outrapersoa participante do sorteo.

CONDICIÓNS DO CONTIDO DAS IMAXES E TEXTOS

As imaxes deben ser orixinais da autoría do participante a efectos de dereito da propiedade intelectual e non poderán infrinxir dereitos de terceiros. Serán excluídas do concurso todas as imaxes dos que a persoa participante non sexa autora, lesionen dereitos de terceiros ou cuxo contido sexa abusivo, obsceno, vulgar, violento, racista, sexista, ameazante, contrario as boas costumes, vulneren algún dereito fundamental da persoa, infrinxa dereitos de terceiros ou calquera disposición legal en vigor.

A persoa participante será a única responsable de obter cantos permisos e autorizacións sexan necesarios para non vulnerar ningún dereito de terceiros. Todas as imaxes que vulneren os anteriores principios e requisitos serán automaticamente descartadas, quedando fóra do concurso.

A persoa participante garante que a súa foto está libre de calquera gravame ou carga e que non infrinxe dereitos de terceiros. En calquera caso, a persoa participante manterá indemne á Organización de calquera reclamación, queixa ou demanda de terceiros en relación cos posibles dereitos que puideran derivarse da foto.

Calquera persoa que a Organización considere que está actuando de forma irregular, demala fe, ou impida o bo funcionamento do sorteo, será excluída do mesmo. Non se permitirá o uso de perfís falsos así como a utilización fraudulenta dos mesmos.

As persoas participantes ceden gratuitamente á Organización, calquera tipo de dereitos que puideran corresponderlles respecto das imaxes presentadas, e, en especial, todos os dereitos da propiedade intelectual de carácter patrimonial e, en particular, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública, divulgación e posta a disposición do público, así como o dereito de transformación, incluídas as redes de telecomunicacións e internet.

RESERVAS E LIMITACIÓNS

A Organización resérvase o dereito de anular o presente concurso ou suspendelo, ou en cambiar algunhas das súas condicións se por causas técnicas ou de calquera outra índole allea a súa vontade non puidera cumprir co normal desenvolvemento do mesmo, segundo o establecido nas presentes bases.

A Organización rexeita toda responsabilidade no suposto de mala recepción ou de non recepción dos materiais, por calquera motivo, así como de posible mal funcionamento da internet ou da rede social Instagram, ou os problemas de transmisión ou perda que impidan o normal desenrolo do sorteo.

A Organización non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polas persoas participantes. Pola conseguinte, se os datos facilitados non son correctos, a Organización quedará exenta de responsabilidade no caso de non poder localizar á

persoa gañadora para comunicarlle o resultado e xestionar con ela a entrega do premio.

OUTRAS RESERVAS

A Organización reserva o dereito de utilizar os nomes, apelidos e a imaxe das persoas participantes para reproducilos e utilízalos en calquera actividade publicitaria e promocional relacionada coas redes sociais do sorteo, sen que dita utilización lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún.

ACEPTACIÓN DAS BASES

Infórmase ás posibles persoas participantes que o simple feito de tomar parte do sorteo implica a total aceptación das presentes bases. A non aceptación das bases por parte da persoa participante comportará a non admisión no concurso e a Organización non contraerá ningunha obriga coa dita persoa participante.